

O PSOE da Terra Chá refórzase coa candidatura de Ramón Campos en Begonte

González Santín afirmou que “a lista encabezada por Ramón Campos, supón a porta do cambio no municipio da Terra Chá”. “A profunda renovación da candidatura socialista, que cambia nun 80%, supón a mellor alternativa para arrebatarlle o goberno local ao PP e que, dunha vez por todas, o concello atenda aos intereses dos veciños e veciñas de Begonte”

Segundo explicou Campos, “prestaremos especial atención aos nosos maiores e á creación de emprego, para que os nosos mozos e mozas non teñan que abandonar o municipio”

O coordinador comarcal, valorou moi positivamente actitude da Agrupación Socialista de Begonte pois, “en tempos de máxima dificultade política, foi quen de renovar a candidatura que se presenta no día de hoxe”

BEGONTE, 26 DE ABRIL DE 2015.- O secretario Provincial -Juan Carlos González Santín- e o coordinador da Terra Chá -Eduardo Vidal Baamonde- participaron esta tarde na presentación da candidatura do PSOE de Begonte que encabeza Ramón Campos, e que ven a reforzar o socialismo da comarca.

González Santín afirmou que “a lista encabezada por Ramón Campos, supón a porta do cambio no municipio da Terra Chá”. “A profunda renovación da candidatura socialista, que cambia nun 80%, supón a mellor alternativa para arrebatarlle o goberno local ao PP e que, dunha vez por todas, o concello atenda aos intereses dos veciños e veciñas de Begonte”, indicou.

O secretario Provincial dixo de Ramos que “será o vindeiro alcalde de Begonte, porque os socialistas somos os que mellor atendemos as necesidades da cidadanía cunha boa xestión dos recursos”.

O proxecto que presentan os socialistas begontinos é un proxecto transparente, aberto á participación cidadá e que cumpra cunha xestión adecuada dos recursos do concello. Segundo explicou Campos, “prestaremos especial atención aos nosos maiores e á creación de emprego, para que os nosos mozos e mozas non teñan que abandonar o municipio”.

Renovación para tempos difíciles

O coordinador comarcal, valorou moi positivamente actitude da Agrupación Socialista de Begonte pois, “en tempos de máxima dificultade política, foi quen de renovar a candidatura que se presenta no día de hoxe”. Ademais, valorou o traballo feito polo equipo do anterior Secretario Xeral e recoñeceu o traballo que, na maioría das ocasións, foi moito máis aló da súa dedicación política ao longo dos anos. “Co seu traballo desinteresado foi quen de canalizar proxectos e iniciativas demandadas polos vecinos de Begonte”, indicou.

Vidal Baamonde tamén fixo una consideración especial aos milleiros de concelleiros e concelleiras que sen cobrar un só euro, ocupan o seu tempo, sen agardar nada a cambio, en defender e pór en práctica uns ideais sempre en defensa da democracia, da solidariedade, da igualdade e da liberdade dos homes e das mulleres. “Animo aos compoñentes da candidatura a facer o que mellor se nos da aos socialistas, escoitar, falar e traballar para recuperar definitivamente os dereitos e as liberdades que se están despedazando pola acción das políticas dunha dereita implacable e impasible cós que menos teñen”, rematou o coordinador da Terra Chá.

Unha oportunidade de futuro

A nova lista presenta unha nova etapa para os socialistas do concello e unha oportunidade de futuro para os begontinos e begontinas xa que como indica Campos “ cambiaremos a forma de gobernar, na que o principal serán os nosos veciños e veciñas, e non os fins particulares e partidistas”.

Esta é a candidatura completa que afronta o reto de conseguir a alcaldía:

- 1- Ramón Campos Rodríguez
- 2- Silvia Torres Vázquez
- 3- María Jesús Lorenzo Gayoso
- 4- Serafín Otero Paredes
- 5- María Regueiro López
- 6- Pedro Parga Andón
- 7- Pilar Piñeiro Redondo
- 8- Manuel Caamaño Pena
- 9- Carlos Fontela Arias
- 10- María Pilar Agrasar Díaz
- 11- María Teresa Ares Ares

Suplentes:

- 1- Boris Otero Fernández
- 2- Ángel Díaz Montes
- 3- Jesusa Pichin Díaz